

Anda o tempo revolto.

Zoa o vento.

Pasaron os anos e Martiño fíxose un home. Seguía a visitar o Mosteiro cando a brétema baixaba. Mais agora algo mudara. A néboa xa non traía só silencio, senón varias melodías ao tempo, entrecruzadas coma as ramas dos carballos.

Un día, sentado nos claustros do mosteiro, Martiño coñeceu a Xoana, unha moza que viña de Compostela cargada de partituras. Traía con ela un libro brillante, onde as notas eran puntos ordenados en cinco liñas rectas: o pentagrama.

—Isto é música do noso tempo —díxolle Xoana—. Xa non só cantamos para Deus, agora tamén cantamos para a beleza, para a arte, para o goce de crear.

Martiño pechou os ollos. O recordo do canto gregoriano aínda vivía nel, sereno e profundo, mais agora entendía que a música era coma o vento: non se pode deter, só seguir o seu zoar.

Xoana viña cun grupo de mozos e mozas que se colocaron formando unha roda.

—Hoxe non vimos só cantar —dixo ela—. Hoxe vimos bailar.

A música comezou cun ritmo vivo e elegante.

—A música non só se escoita, tamén se bailan danzas como as pавanas, gallardas e branles— dixo Xoana.

E así, naquela tarde de vento e danza, o mosteiro volveu a cobrar vida.



“Zoa o vento”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)